



**Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega**

PROXECTO DE FOMENTO DO USO DO GALEGO

**EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA
GALEGA (EDLG)**

IES XESÚS FERRO COUSELO (OURENSE)

CURSO 2022-23

MEMBROS DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Compoñen o EDLG do I.E.S. "XESÚS FERRO COUSELO" os seguintes membros:

Profesorado:

- Ana María Gómez Mesejo (Dpto. Matemáticas)
- María Rúa Blanco (Dpto. Orientación)
- Carmen Rodríguez Olmos (Dpto. Matemáticas)
- Pilar Fernández Domínguez (Dpto. Francés e coordinadora da Biblioteca)
- Óscar Vilas Domínguez (Dpto. Xeografía e Historia)
- Ana Rosa Salgado Diz (Dpto. EPV)
- Patricia Cabanelas ((Dpto. EF)

Alumnado:

- Sara Fernández da Costa (4º ESO A)
- Alba González Martínez (4º ESO A)
- Martina Cabrera Almansa (4º ESO A)
- Adriana dela Torre Morales (4º ESO A)
- Celia González López (4º ESO B)
- Hugo Fernández Álvarez (4º ESO B)
- Rubén García de la Torre (4º ESO B)
- Candela Seara Rodríguez (1º ESO A)
- Aitor Sila Lorenzo (1º ESO A)
- Andrea Vázquez de León (1º ESO A)
- Carla Román González (1º ESO A)
- Sergio Quintas Fernández (1º ESO B)

- Ciara Rivero Casalta (1º ESO B)
- Claudia Rodríguez Fernáadez (1º ESO B)
- Manel Saburido Fernández (1º ESO B)
- Aitana Vázquez Balseiro (1º ESO B)
- Lucía Vázquez García (1º ESO B)
- Alondra Olivares Barandela (1º ESO C)
- Martín Salgado Martínez (1º ESO C)
- Ariadna Vázquez González (1º ESO C)
- Valentina Mota Dias (1º ESO C)

Persoal non docente: Raquel Masid Cid (Conserxe)

Coordinadora: M^a Isabel Gil Cacheiro (Profesora do Dpto. Lingua galega e literatura)

CONSIDERACIÓNS PREVIAS

As actividades deseñadas poderán modificarse ou anularse segundo as necesidades que xurdisen ou polo orzamento preciso para levalas a cabo. Irase facendo segundo a situación o permita en cada momento e atendendo tamén ás ofertas dos concellos de Ourense e de Barbadás, por exemplo.

Realizaremos ademais todas aquelas actividades que vaian xurdindo ao longo do curso, e as que poidan programar desde os distintos departamentos didácticos.

De haber cambios ou outras actuacións srán recollidos na Memoria final do EDLG.

PROXECTO DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO IES *XESÚS FERRO COUSELO* (OURENSE)

CURSO 2022-2023

A) ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO:

CONTORNA SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO

IES ubicado nos arrabaldes de Ourense, na rúa Ponte Sevilla nº 43. Case exclusivamente o alumnado adscrito ao centro procede do concello de Barbadás.

O criterio para determinar a lingua predominante da contorna do centro e do alumnado é a procedencia do alumnado, case na súa totalidade do concello de Barbadás, en concreto de dous centros de primaria adscritos: O CEIP *Filomena Dato* e o CEIP *O Ruxidoiro*; son escasos os que proceden dos arredores do instituto. Ambas zonas son de uso tradicionalmente maioritario da lingua galega, aínda que con problemas de diglosia e mestura co castelán.

Nas relación cos concellos de Barbadás (Cultura, Biblioteca, Xuventude...) e Ourense a lingua empregada é o galego, así como na presentación do curso, reunións cos pais, titorías, actividades para todo o centro, ANPA, inspección, etc.).

Situación da lingua galega nesta contorna.

Os problemas detectados xiran arredor dos seguintes puntos:

1. Aumento de pais que crían os fillos e fillas en castelán.
2. Aparición de casos de nenos e nenas procedentes do rural xa desgaleguizados.
3. Crenza en certas familias de que o galego é pouco útil porque é unha lingua do rural e non se precisa para acceder a un posto de traballo.
4. Numerosas conversas bilingües, debido á proximidade lingüístico-estrutural do galego, o que provoca que a aprendizaxe do galego sexa pasiva (só se escoita, non se fala), pero sobre todo a deturpación da lingua polos neofalantes.
5. Falta de percepción do galego como elemento identitario.
6. Indiferenza social ante a promoción do galego: a sociedade galega só se deixa levar.

7. Sensación de inseguridade de pais/nais e usuarios medios ao usar a lingua galega, non sabendo que elementos e en que situacións poden usar o seu galego dialectal, inseguridade que non senten no castelán (aínda que non o falen correctamente)

SITUACIÓN DO PROFESORADO

Durante o curso escolar 2022-23 o número de profesores e profesoras ascende a 41.

En xeral, a disposición do profesorado ao uso do galego nas clases é boa. Coidamos que o nivel de capacitación para empregar o galego na actividade docente tamén é correcto, mais con todo, detéctanse os seguintes aspectos que se poden mellorar:

1. O actual *Decreto de Plurilingüismo* impide que profesorado que desexaría dar as clases en galego poida facelo e a outras persoas pídeselles, para que se cumpra o 50% de clases en galego e en castelán, que dean algúns cursos en galego e outros en castelán (coas conseguíntes dificultades).

• **SITUACIÓN DO ALUMNADO**

A matrícula do alumnado durante o curso 2022-23 é neste momento de 390 alumnos/as; deles 287 corresponden ao Ensino Secundario Obrigatorio (ESO) e 103 ao bacharelato.

Situación da lingua galega entre o alumnado: Este alumnado usa a lingua galega de xeito diglósico. Practicamente a totalidade do alumnado recoñece falar galego na casa cos pais ou na aldea cos avós e amigos, pero exprésanse en castelán no IES. **Os problemas** detectados xiran arredor dos seguintes puntos:

1. Aumento da xente nova para a que o galego xa é lingua aprendida, segunda, non emocional e non necesaria, que xa non saben por que a deben falar.
2. Nunha sociedade onde só o xuvenil é valioso, desprézase o transmitido polos maiores, entre iso a lingua que falan: o galego. Os maiores pasan a ser un modelo social pouco válido.
3. Crenza entre o alumnado de que o galego é pouco útil porque é unha lingua do rural e non se precisa para acceder a un posto de traballo.
4. Falta de percepción do galego como elemento identitario.

5. Sensación de inseguridade entre a xente nova ao usar a lingua galega, inseguridade que non senten co castelán (aínda que non o falen correctamente).
6. Desvalorización do galego na sociedade: escasa presenza nos medios de comunicación e aínda moi minoritaria na Rede. Falta de conciencia de que a nosa lingua sexa útil.
7. Moita maior destreza e gusto pola lectura en lingua castelá.

Porén, e aínda na maioría do alumnado que usa o castelán, pódese percibir un substrato prosódico, léxico e sintáctico do galego que facilita a extensión do uso deste idioma a calquera área didáctica.

- **SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO**

A presenza da lingua galega é total nos documentos administrativos e nos rotulados do centro. A documentación oficial de contacto coas familias, ANPA, actividades extraescolares, etc. está escrita en galego.

Os problemas detectados son a suma de todos os anteriormente citados nos outros sectores, pois todos forman parte de centro escolar e, por tanto, conforman a situación lingüística deste. Con todo, podemos resumilos nos seguintes puntos:

1. Continuar usando o galego como lingua de referencia oral e escrita das relación xurídico-administrativas.
2. Aparición de casos de nenos e nenas xa desgaleguizados.
3. Deturpación da lingua polos neofalantes.
4. Sensación de inseguridade entre a comunidade escolar ao usar a lingua galega, non sabendo que elementos e en que situacións poden usar o seu galego dialectal, inseguridade que non senten co castelán.
5. Crenza entre o alumnado de que o galego é pouco útil porque é unha lingua do rural e non se precisa para acceder a un posto de traballo.
6. Falta de percepción do galego como elemento identitario.
7. Desvalorización do galego na sociedade: escasa presenza nos medios de comunicación e aínda moi minoritaria na Rede. Falta de conciencia de que a nosa lingua sexa útil.
8. Indiferencia social ante a promoción do galego: a sociedade galega só se deixa levar.

9. Moita maior destreza e gusto pola lectura en lingua castelá.

B) OBTXECTIVOS ESPECÍFICOS

B.1. PARA A CONTORNA DO CENTRO

A procedencia semiurbana do noso alumnado (con fortes raíces no rural galego) lévanos a ter como primordial obxectivo que non perdan e que, pola contra, afiancen, ese forte vínculo coa Terra a través da nosa lingua. Para iso pretendemos:

- a) Seguir a usar a lingua galega en todos os contactos coa familia do alumnado (sobre todo a través das titorías) e coa ANPA. Demostrar que o galego é útil e ademais é un signo identitario.
- b) Inculcar a necesidade do uso da lingua galega no seo familiar; valorar os coñecementos trasmitidos polos nosos maiores.
- c) Mellorar a sensación de inseguridade que teñen os pais, nais, etc. ao usar o galego dialectal.
- d) Utilizar o galego nas relación coas administracións territoriais e locais galegas e coas demais entidades públicas e privadas de Galicia.

B.2. PARA O PROFESORADO

- a) Axudar a todo o profesorado para que use o galego nas materias e niveis acordados, segundo o Proxecto Lingüístico do Centro, e nas relacións persoais.
- b) Axudar na tradución de documentos sempre que sexa posible e informar sobre ferramentas das novas tecnoloxías que se pode usar (tradutores, correctores, dicionarios....).
- c) Informar sobre material das distintas materias ofertado polas editoriais.
- d) Intentar que o maior número posible do profesorado (e departamentos didácticos) participe nas actividades organizadas polo EDLG.

B.3. PARA O ALUMNADO

- a) Incentivar o uso da lingua galega nas súas relacións cos compañeiros e compañeiras e co profesorado. Animar a usala sempre nas clases. Explicar por que é vital o seu uso. Aclarar por que é signo de identidade. Para aqueles que o galego non sexa a súa lingua de

instalación hai que tratar de que a vaian incorporando e usando cada vez máis. Este é un obxectivo importantísimo, sobre todo tendo en conta a presenza de alumnado inmigrante e doutras culturas.

- b) Fomentar o respecto cara ás outras linguas e cara aos seus falantes. As interferencias lingüísticas non se deben vivir coma un problema senón coma unha oportunidade para reflexionar sobre os dous códigos e asentarmos un e o outro.
- c) Dar a coñecer outras variantes da lingua galega, así como costumes e tradicións diferentes; tamén vínculos comúns a través dun intercambio e convivencia con alumnado doutras zonas de Galicia.
- d) Incentivar que os alumnos e alumnas entreguen traballos escritos en lingua galega e tomen apuntamentos na nosa lingua.
- e) Mellorar a lectura comprensiva grazas á implantación por noveno ano consecutivo do “Tempo de ler” en toda a ESO.
- f) Informar de enderezos electrónicos e páxinas *web* en galego en Internet. Ofrecer información sobre correctores ortográficos en soporte electrónico, etc.
- g) Estimular e incentivar o alumnado a participar das actividades culturais do Centro, demostrándolles que é unha lingua respectada e principal, habitual nas nosas relacións.

B.4. PARA TODA A COMUNIDADE DO CENTRO

- a) Consolidar a lingua galega como lingua de comunicación tanto nas actividades do centro como nas relacións que se manteñan cos proxenitores e/ou titores legais do alumnado, así como coa ANPA; tamén coas administracións territoriais e locais galegas e coas demais entidades públicas e privadas de Galicia; pretendemos que se amplíe o seu ámbito de uso. Este é un dos principais obxectivos que pretendemos que se cumpra coa colaboración da Secretaría, e dos distintos departamentos, pois queremos que os documentos oficiais do Centro estean redactados en lingua galega, así como carteis, convocatorias de actividades, circulares internas, etc.
- b) Fomentar o seu uso entre o alumnado e manter e estimular a aqueles alumnos e alumnas que a teñen como lingua materna para que non a perdan ante a idea equivocada de que só é unha lingua "familiar". Para iso debemos mostrar unha actitude altamente positiva fronte ó seu uso, demostrando que é válida como transmisora de coñecementos.

c) Asesorar sobre o cumprimento do *Decreto do Plurilingüismo*. Os departamentos didácticos do Centro están informados da obrigatoriedade do uso da lingua galega como lingua vehicular e transmisora de coñecementos nos casos marcados pola Lei. O EDLG axudará a buscar información sobre material ofertado en galego polas distintas editoriais.

C. ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA PARA OS OBXECTIVOS PROPOSTOS.

C.1. PARA A CONTORNA DO CENTRO

- a) Usar a lingua galega, tanto oral como escrita, en todos os contactos coa familia ou titores legais do alumnado, coa ANPA e tamén coas administracións territoriais e locais galegas e coas demais entidades públicas e privadas de Galicia.
- b) Solicitar, a través do EDLG, aos titores e titoras que empreguen o galego nas relacións cos pais e nais e /ou titores legais dos seus alumnos.
- c) Nas reunións cos proxenitores informalos da necesidade de seguir utilizando a lingua galega cos fillos, non cortando a liña de continuidade.
- d) Realizar actividades de normalización en conxunto cos colexios arriba mencionados adscritos.
- e) Solicitar información, carteis, etc. aos concellos próximos e da provincia para divulgar as festas do seu patrimonio (Samaín, Entroido, Os Maios, San Xoán, etc.)
- f) Participar en actividades programadas por outros concellos ou entidades (Ruta da *Esmorga*, tertulias literarias, ruta literaria, saídas didácticas, teatro, museos, etc.) sempre que as condicións da pandemia o permitan.

C.2. PARA O PROFESORADO

- a) Recompilar e ofrecer información sobre ferramentas das novas tecnoloxías que poden usar (tradutores, correctores, dicionarios, páxinas web en galego...).
- b) Buscar nas editoriais información do material didáctico das súas materias en galego e subministrarllo na medida do posible.

- c) Implicar o profesorado e os distintos departamentos nas actividades escolares programadas polo EDLG e ofertarlles a oportunidade de participar no noso twitter “EDNLFerro” (<https://twitter.com/ENDLFerro>)
- d) Solicitar que todo tipo de convocatorias, anuncios e carteis dos departamentos estean redactados en galego.
- e) Acompañar o alumnado en actividades organizadas polo EDLG.

C.3. PARA O ALUMNADO

- a) Potenciar o uso da lingua galega nas súas relacións cos compañeiros e compañeiras e co profesorado: valorar os que entreguen os seus traballos en galego. Fomentar a oralidade nas aulas.
- f) Establecer canles de información de enderezos electrónicos, páxinas *web* en galego e blogs interesantes en Internet. Animalos a participar no noso twitter “EDNLFerro” (<https://twitter.com/ENDLFerro>)
- b) Tamén lles falamos de correctores ortográficos en soporte electrónico, páxinas web de exercicios e xogos didácticos, etc. Todo iso darase a coñecer a través dun taboleiro de noticias exclusivo de EDLG, onde se colocarán todas aquelas noticias que teñan como protagonista a nosa lingua e a nosa cultura en xeral.
- c) No taboleiro do EDLG seguiremos colgando información cultural, concursos e todo o que teña que ver coa lingua e cultura galegas.
- d) Facelos partícipes das actividades culturais do Centro, e ao utilizar o galego, demostramos que é unha lingua respectada e principal, habitual nas nosas relacións. Algunhas destas *actividades son*:

TODO O CURSO

Promover a asistencia do alumnado a obras de teatro, recitais, actuacións musicais, saídas didácticas que teñan que ver coa cultura galega, ou todo tipo de exposicións que teñan como referente a lingua galega ou, en xeral, a nosa cultura. Por exemplo, en colaboración cos concellos de Barbadás e Ourense, Auditorio, etc. (segundo vaian xurdindo e ofertando).

Desenvolveremos por segundo ano consecutivo as “**Tertulias literarias en Galego**”, iniciativa do Concello de Ourense e da Deputación. Este curso o libro elixido é “Golpes de luz”, de Leticia Costas.

En moitas das actividades programadas teremos como referencia a figura de Francisco Fernández del Riego, Letras Galegas 2023

Imos desglosar as actividades por meses, tendo en conta que en ocasións xorden novas actividades ou se cambian as datas doutras.

SETEMBRO:

1) Renovación do EDLG.

2) Deseñouse o proxecto de actividades para o curso 2022-2023 tendo en conta as consideracións mencionadas anteriormente.

3) Taboleiro do EDLG. AFÉRRATE AO GALEGO

Tomando como base o nome do noso IES , neste taboleiro informaremos de novas, concursos, actividades, tradicións, lecturas...relacionadas co galego. Haberá un apartado especial dedicado á lingua.

4) CALENDARIO dos ALUMNOS

O EDLG elaborará un calendario para as aulas coas datas sinaladas do curso onde se destacará a figura de Fernández del Riego, a fin de ir dando a coñecer o autor homenaxeado das Letras Galegas 2023.

5) PETISCOS LITERARIOS

Trátase de completar refráns ou acertar as adiviñas. O que dea coa resposta gaña un pequeno premio (lapis, marcapáxinas...)

6) Manteremos a nosa conta de **Twitter** (<https://twitter.com/endlferro>) para difundir tanto as actividades convocadas polo equipo como diferentes novas relacionadas coa lingua, a cultura e a actualidade en galego.

7) As actividades programadas ou nas que colabora o EDLG están colgadas páxina web do centro no apartado de Normalización Lingüística (<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesferrocouselo/>).

OUTUBRO

8) SAMAÍN

O EDLG quere dar a coñecer esta tradición. Tomando como tema o medo e o terror:

Para achegar o Samaín aos alumnos o EDLG realizaranse as seguintes actividades:

- a) No taboleiro colgarase unha explicación sobre o significado e a orixe desta festa.
- b) Tamén no taboleiro se presentarán palabras relacionadas co vocabulario do medo: arrepío, estarrecer...
- c) Na entrada do centro expóranse portadas de libros en galego que teñan como tema o medo, o terror ou a intriga.
- d) Outra pequena exposición tratará sobre os seres míticos galegos que tradicionalmente son símbolos do medo.
- e) Faremos o xogo "**Descubre o asasino**". Na entrada do centro debuxaremos no chan a silueta dun cadáver e daremos pistas aos alumnos para que descubran ao asasino. Entre os que acerten sortearemos tres pequenos agasallos.
- f) Convocaremos o II Concurso de Microrrelatos de terror en tres categorías: A (1º e 2º bacharelato), B (3º e 4º ESO), C (1º e 2º ESO).

9) En colaboración co Dpto. de EF poremos unha gran cabaza na entrada do centro e animaremos aos alumnos a que adiviñen o seu peso. O que acerte ou máis se achegue recibirá un pequeno agasallo.

10) Colaboraremos con *Vicedirección na actividade " CURTAS DE SAMAÍN"*. Estas actividades levaranse a cabo nos recreos da semana do **24 ao 28 de outubro**, no espazo interior da planta baixa entre as aulas de 2º bac e biblioteca. Títulos como: A bruxa regañadentes, A meiga chuchona, A dama e a morte, Alma...

NOVEMBRO

11) Participaremos nas actividades deseñadas por Vicedirección no **magosto**.

12) **Semana DA CIENCIA**

O ENDL colaborará cos diferentes departamentos de ciencias nas actividades da Semana da Ciencia en Galego.

13) Celebramos o 25 de novembro o **DÍA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO**.

O EDLG participará nas actividades deseñadas por Vicedirección e elaborará un vídeo tomando como base a canción “ A porta violeta” na que colaboran as Tanxugueiras. Faremos que as portas do centro teñan algún slogan en galego e en violeta.

DECEMBRO

14) Daremos a coñecer a figura do Apalpador explicando a súa orixe.

O Apalpador deixará no noso centro tres agasallos para aqueles alumnos que atinen coa solución dunha adiviña.

No taboleiro poremos poemas de autores galegos que teñan como tema o Nadal.

XANEIRO

15) **TOPONIMIA. DE ONDE SOMOS?**

O obxectivo é coñecer, valorar e facer visible a nosa riqueza toponímica. Este traballo permitirá ao alumnado coñecer a orixe dos seus topónimos .

FEBREIRO

16) **14 DE FEBREIRO**

Difusión da campaña “**Namórate do galego**”. Propoñemos aos alumnos e ao resto da comunidade educativa que dentro dun corazón de papel que se lles entrega escriban a que é para eles a palabra máis fermosa da nosa lingua.

Co título de **AFÉRRATE AO GALEGO** elaboraremos un panel recollendo todas estas palabras comezando polas palabras FERRO COUSELO.

17) DÍA DA LINGUA MATERNA

O 21 de febreiro festexaremos o Día da Lingua Materna dando información sobre o tema no taboleiro: a lingua galega en datos (presenza en Google e nas redes, o lugar que ocupa en Europa...)

Faremos unha selección de poemas de varios autores (Celso Emilio, Manuel María, Pondal...) en defensa da lingua.

Elaboraremos un vídeo cos membros da comunidade educativa galego-falantes para promocionar a nosa lingua.

18) DÍA DE ROSALÍA, 23 de febreiro

a) Recordaremos a súa figura cunha gran imaxe no centro.

b) Faremos unha exposición da obra desta autora.

19) ENTROIDO

Para festexar esta tradición tan enraizada na nosa provincia colaboraremos con Vicedirección nas diferentes actividades propostas.

MARZO

20) 8 DE MARZO

O EDLG elaborará un vídeo sobre o traballo que facemos día a día no centro as alumnas, as conxerxes, as limpadoras, as profesoras... que levará por título "Fábrica de luz" co lema AFÉRRATE Á IGUALDADE.

21) DÍA DA POESÍA

O 21 de marzo celebraremos este día cunha exposición de poemarios de autores galegos e casteláns na entrada do instituto. Organízana os departamento de LG e LC e EDLG e a Biblioteca.

ABRIL

22) CONCURSO DE FOTOGRAFÍA

Convocaremos o 2º Concurso de Fotografía COUSELO . Os alumnos traerán fotografías que terán como tema “A pedra na nosa paisaxe” e que exporemos no centro.

Entregaremos tres premios ás mellores fotografías.

MAIO

23) Día das Letras Galegas 2023:

a) Realizaremos un **mural** con información biográfica e bibliográfica, feito por alumnado de todos os cursos sobre o autor homenaxeado, **Fernández del Riego**.

b) Colaboraremos co Departamento de Lingua Galega en calquera das actividades que se realicen.

TODAS ESTAS actividades realizaranse en función do programado polos diversos departamentos. Daquelas que se fagan, o EDLG fará a debida publicidade no Twitter @endlferro e na páxina web do centro. Tamén, co **orzamento** propio do departamento asignado polo noso instituto, máis o orzamento que se nos conceda por parte das axudas ao fomento ao galego por parte da Xunta, faranse os agasallos e a compra do material necesario.

C.4. PARA TODA A COMUNIDADE DO CENTRO

Entendemos que as actividades anteriormente citadas relativas ao contorno do centro, profesorado e alumnado **xa afectan a toda a comunidade do centro**, pois tanto se expoñen no vestíbulo do centro a ollos de todos, pais e nais incluídos, senón que ademais se publicitan tanto na páxina web coma en twitter; con todo engadiremos as seguintes actividades:

1. Emitiremos os documentos oficiais do Centro en lingua, en colaboración coa Secretaría; tamén intentaremos que así o fagan os distintos departamentos nas súas convocatorias de actividades, circulares internas, carteis, etc.
2. Uso da lingua galega, tanto oral como escrita, en todos os contactos coa familia ou titores legais do alumnado, coa ANPA e tamén coas administracións territoriais e locais galegas e coas demais entidades públicas e privadas de Galicia.
3. Participar naquelas actividades programadas por outros concellos ou entidades (*Ruta da Esmorga, teatro...*)
4. Ofrecer información sobre ferramentas das novas tecnoloxías que poden usar (tradutores, correctores, dicionarios, páxinas *web* en galego....).
5. Implicar a toda a comunidade escolar nas actividades escolares programadas polo EDLG.
6. Ofrecer información de enderezos electrónicos, páxinas *web* en galego e blogs interesantes en Internet. Tamén correctores ortográficos en soporte electrónico, etc. Todo iso darase a coñecer a través do taboleiro de noticias exclusivo de EDLG, onde se colocarán todas aquelas noticias que teñan como protagonista a nosa lingua e a nosa cultura en xeral.

7. Facer partícipe a toda a comunidade escolar das actividades culturais do Centro, e ao utilizar o galego, demostrar que é unha lingua respectada e principal, habitual nas nosas relacións.
8. Dar a coñecer a través do taboleiro do EDLG todas as actividades coordinadas polo Equipo para que toda a comunidade escolar saiba que se está a facer: publicaranse as convocatorias, anuncios, concursos, saídas ao teatro; colocaranse as fotos, comentarios e opinións dos alumnos implicados nestas actividades, etc.
9. Animar a participar na conta de twitter “EDNLFerro” (<https://twitter.com/ENDLFerro>)

Ourense, 24 de outubro de 2022

A Coordinadora do ENDL

Visto e prace da directora do centro.



Dna. M^a Isabel Gil Cacheiro

Dna. Ana M^a Gómez Mesejo

ÍNDICE	Páx.
I. Proxecto do Equipo de Normalización Lingüística.	4
A) Estudo sociolingüístico	4
1. A contorna sociolingüística do Centro.	4
2. Situación do profesorado.	5
3. Situación do alumnado.	5
4. Situación lingüística do centro.	6
B) Obxectivos.	
1. Para a contorna do centro.	6
2. Para o profesorado.	7
3. Para o alumnado.	7
4. Para toda a comunidade do centro	8
C) Actividades de dinamización lingüística.	8
1. Para a contorno do centro.	9
2. Para o profesorado.	9
3. Para o alumnado.	9
4. Para toda a comunidade docente.	16